

## CARTA DE OFRECEMENTO DO RECOÑECEMENTO MÉDICO-LABORAL

O Concello de Santiago para garantir ó seu persoal a vixilancia médica do seu estado de saúde pon á súa disposición gratuitamente a posibilidade de realizar unha revisión médica específica, en función dos riscos inherentes ó seu posto de traballo, na clínica especializada en medicina laboral da empresa GEROSALUD (CLÍNICA GAIAS), na rúa Pintor Xaime Quesada, 2-4 baixo (Pontepedriña), de Santiago de Compostela.

O contido desta revisión médica constará de historia clínica e laboral, antropometría, exploración xeral, medición da tensión arterial, probas de vista, oído, electrocardiograma, espirometría, analíticas de sangue e ouriño e probas específicas segundo os riscos do posto de traballo, e voluntariamente, as vacinas axeitadas aos riscos e protocolos.

Segundo o artigo 22 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, a vixilancia médica da saúde ten carácter voluntario para o/a traballador/a (agás nos casos de obrigatoriedade contemplados pola lei), e os datos referidos ás probas médicas e os seus resultados teñen carácter confidencial e unicamente lle serán comunicados a vostede. O Concello de Santiago só será informado sobre a aptitude para desenvolver o seu traballo ou sobre a necesidade de introducir ou mellorar medidas preventivas.

Á parte do recoñecemento médico inicial na incorporación ao posto de traballo e do recoñecemento periódico anual, tamén pode solicitar o exame médico-laboral cando considere que posúe algunha circunstancia persoal de saúde ou característica temporal ou permanente de especial sensibilidade aos riscos das condicións de traballo que poida prexudicar o seu estado de saúde, ou despois dunha ausencia prolongada por motivos de saúde. No caso de estar embarazada pode comunicarllo ao Concello de Santiago e a GEROSALUD (CLÍNICA GAIAS) para que se determinen e se adopten as medidas necesarias fronte aos posibles riscos no posto para a maternidade.

E ademais, en virtude das melloras do contrato, o servizo alleo de prevención de riscos ofrece de forma gratuíta e complementaria ao recoñecemento médico-laboral, para os homes, a realización da proba de diagnose precoz de cancro de próstata (proba do marcador PSA), para as mulleres, as probas citolóxicas, e para todo o persoal municipal con idade igual ou superior a 50 anos, a proba de detección de sangue oculta en feces para a identificación e diagnose precoz de cancro colorrectal.

Para levar a cabo esta acción de saúde laboral e para que conste o seu ofrecemento é obrigatorio que nos remita asinada esta carta ó departamento municipal de Prevención de Riscos Laborais.

Lido e asinado,

Sinatura